Analiza as dietas para situacións fisiopatolóxicas segundo idade, estado e hábitos alimentarios do paciente ou cliente
Manexa as aplicacións informáticas na elaboración de dietas
Analiza as dietas para a administración enteral e parenteral e valora os riscos asociados as mesmas
Identifica os alimentos restrinxidos e/ou recomendados segundo o tipo de proba analítica ou exploratoria

Identifica os parámetros críticos segundo idade e estado do paciente ou cliente
Controla os parámetros para o control e seguimento da dieta dun paciente ou cliente
Supervisa e adapta as modificacións da dieta dun paciente ou cliente

2.1.2. Capacidades terminais elementais que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Capacidades terminais elementais
Analizar e caracteriza-los diferentes cadros fisiopatolóxicos, explicando as súas implicacións dietéticas.
Interpretar dietas terapéuticas de referencia relacionándoas cos diferentes estados fisiopatolóxicos
Analiza-la relación entre determinadas patoloxías e os hábitos alimentarios nas diferentes zonas de Galicia
Explica-las operacións ou manipulacións que cómpre realizar na preparación dalgúns tipos de alimentos para a súa adaptación á prescrición dietética dos diferentes cadros fisiopatolóxicos
Analizar informes sanitarios que avalíen os efectos das dietas sobre a saúde dos colectivos, extraendo as conclusións que confirmen ou non a súa idoneidade
Detectar posibles interaccións entre alimentos e fármacos, así como intolerancias alimentarias e reaccións alérxicas en pacientes/clientes de risco
Temporalizar pautas de control e seguimento da evolución e cumprimento de dietas

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
Determina e aplica os criterios de administración das dietas terapéuticas
Elabora as dietas con modificacións na textura e/ou no contido enerxético
Elabora as dietas para situacións fisiopatolóxicas segundo idade, estado e hábitos alimentarios do paciente ou cliente
Elabora as dietas para a administración enteral e parenteral e valora os riscos asociados as mesmas
Propón cales son os alimentos restrinxidos e/ou recomendados segundo o tipo de proba analítica ou exploratoria
Determina cales son as pautas para o seguimento da dieta dun paciente ou cliente
Propón cambios na dieta segundo os parámetros e pautas de control

2.2.2. Capacidades terminais elementais que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Capacidades terminais elementais
Elaborar dietas adaptadas para distintos estados fisiopatolóxicos, seguindo as prescricións médico-dietéticas, tendo en conta as condicións sociais, culturais e económicas do paciente ou cliente
Elaborar dietas tipo en función dos procesos fisiopatolóxicos que poden afectar a distintos colectivos
Aplicar controis que permitan comprobar se os requirimentos nutricionais dos colectivos son cubertos polas dietas propostas
Realizar o control e seguimento dunha dieta terapéutica identificando os parámetros críticos que poden influir na mesma
Modificar dietas adaptadas de forma que se adecuen mellor ás finalidades terapéuticas ás que están dirixidas
Elaborar informes de control e seguimento dietético do paciente/cliente
Analizar informes sanitarios que avalíen os efectos das dietas sobre a saúde dos colectivos, extraendo as conclusións que confirmen ou non a súa idoneidade
Propor cambios na prescrición dietética en función dos datos subxectivos e obxectivos obtidos da opinión dos pacientes

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Considéranse como mínimos esixibles todos os contidos teóricos e prácticos relacionados coas capacidades terminais incluídas nesta programación.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

- A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Os docentes do módulo profesional cualificarán esta primeira parte da proba de 0 a 10 puntos. Para considerar a proba como superada, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
- Consistirá nunha proba escrita a mán ou realizada a través da AV, na que se incluírán preguntas test e/ou curtas e/ou verdadeiro ou falso e/ou de relacionar nun número mínimo de 30 e máximo de 60 en total. A cualificación das preguntas será a seguinte: 1 punto por resposta acertada. As respostas non contestadas non terán valoración. As respostas incorrectas restarán a metade do valor asignado á correcta: dúas respostas incorrectas restan unha correcta
- Únicamente serán corrixidas aquelas respostas que sexan perfectamente lexibles e estén recollidas na plantilla e/ou espazos fornecidos para tal fin pola docente. No caso contrario, ou no caso de existir unha dobre resposta, contará como resposta errada e restará a puntuación indicada.
- Será preciso que a persoa aspirante se identifique mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado enriba da mesa. Ao rematar a proba, deixarase o documento completo coas respostas volteado. Non está permitido sacar da aula onde se realiza a proba ningún documento. Para a realización da proba non estará permitida a utilización de ningún dispositivo electrónico, agás dos proporcionados polos docentes responsables do módulo.
- Os docentes poderán excluír da proba a aquelas persoas que realicen algunha actividade que poida considerarse fraudulenta.
- Instrumentos necesarios na aula: ordenador e canón proxector

4.b) Segunda parte da proba

- As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba poderán realizar esta segunda parte, que tamén terá carácter eliminatorio. Esta segunda parte consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos teórico- prácticos que poderán constar dun número variable de apartados. Estes apartados serán avaliados proporcionalmente ao número dos mesmos no suposto correspondente. O/os suposto/s práctico/s versará/n sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.
- Os docentes do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
- Para acadar a cualificación positiva do módulo é necesario ter superadas cada unha das dúas partes das que consta a proba cun mínimo de 5 puntos nunha escala de 0 a 10 puntos en cada unha, polo que a avaliación negativa na primeira e/ou na segunda parte da proba terá carácter eliminatorio.
- Únicamente serán corrixidas aquelas respostas que sexan perfectamente lexibles e estén recollidas na plantilla e/ou espazos fornecidos para tal fin pola docente. No caso contrario, ou no caso de existir unha dobre resposta, contará como resposta errada e restará a puntuación indicada.
- Será preciso que a persoa aspirante se identifique mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado enriba da mesa. Ao rematar a proba, deixarase o documento completo coas respostas volteado. Non está permitido sacar da aula onde se realiza a proba ningún documento. Para a realización da proba non estará permitida a utilización de ningún dispositivo electrónico, agás dos proporcionados polos docentes responsables do módulo.
- Os docentes poderán excluír da proba a aquelas persoas que realicen algunha actividade que poida considerarse fraudulenta.
- Instrumentos necesarios na aula: ordenador e canón proxector

AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN

A nota final do módulo, sen decimais e aproximada ao número enteiro máis próximo nunha escala de 0 a 10 puntos, será a media aritmética das dúas partes superadas da proba. No caso da persoa aspirante que non supere algunha das partes da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de 4 puntos sobre 10.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra a cualificación final acadada no módulo no IES Chapela. As referidas reclamacións deberán brasearse algún dos seguintes aspectos:

- a. A avaliación que se levou a cabo non foi axeitada aos resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación recollidos na correspondente programación.
- b. Os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación.
- c. A aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación para a superación das partes da proba do módulo profesional non foi correcta.

Asinado: Ana Chapela Rivas

Patricia Pita Siebert

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Patricia Pita Siebert', with a stylized flourish at the end.

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019566	IES Chapela	Redondela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CS19003	Dietética	Ciclo formativo de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidade formativas de menor duración

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
CS0453	Educación sanitaria e promoción da saúde	2023/2024	0	130	0

Profesorado responsable

Elaboración	Paula Martín Pandelo, Miguel González Taboada
Impartición	Paula Martín Pandelo, Miguel González Taboada

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
Describe as fases da historia natural da enfermidade.
Identifica os niveis de prevención e a súa relación co sistema de atención sanitaria.
Avalía a influencia sobre a saúde dos distintos factores que integran a tríada ecolóxica
Identifica e utiliza das fontes de datos demográficos.
Análiza e interpreta datos de demografía sanitaria.
Realiza cálculos de indicadores sanitarios.
Describe as características e diferenzas da epidemioloxía descriptiva, analítica e experimental.
Explica a teoría da causalidade aplicada en epidemioloxía.
Selecciona mostras de poboación para estudos epidemiolóxicos.
Analiza as medidas de frecuencia de enfermidade: incidencia, prevalencia, taxa e risco.
Describe as etapas do método epidemiolóxico e a validez e fiabilidade dos estudos epidemiolóxicos.
Deduce a incidencia que sobre o estado de saúde dos individuos teñen as diferntes variables sociolóxicas.
Describe as variables sociolóxicas avaliábeis nos servizos socio-sanitarios.
Análiza as diferentes dinámicas grupais e selecciona as técnicas máis axeitadas que permitan modifica-los hábitos alimentarios nocivos.
Detecta os factores de risco que favorecen a formación ou enquistamento de grupos con conductas alimentarias anómalas.
Analiza e selecciona a técnica de comunicación máis axeitada en cada situación.
Selecciona e aplica técnicas de resolución de conflitos que faciliten a comunicación.
Selecciona a técnica de grupo máis axeitada para cada situación.
Manexa os diferentes medios audiovisuais en programas de educación para a saúde.
Planifica e avalía actividades de formación.
Aplica distintas técnicas de observación.
Realiza sociogramas e test sociométricos.
Elabora cuestionarios.
Realiza cálculos estatísticos e proceso de datos
Utiliza programas para a elaboración de gráficos e táboas de resultados.

2.1.2. Capacidades terminais elementais que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Capacidades terminais elementais
Identifica-las características persoais, sociais, culturais e sanitarias que poidan influír no nivel de saúde dos grupos de risco, para poder establecer plans de actuación contextualizados como medidas de prevención destinadas a eles
Explicar as medidas de frecuencia de enfermidade que se utilizan para avaliar o nivel de saúde dunha poboación.
Explicar os métodos de elaboración de instrumentos de recolleita de información e precisar os criterios que marcan a súa especificidade.
Enumerar os criterios de selección dunha mostra de poboación para a realización de estudos epidemiolóxicos.

Aplica-la teoría da causalidade ás enfermidades para explica-lo modo en que inflúen sobre a saúde das persoas ou dos colectivos, os factores de risco xerais e/ou específicos
Planificar os estudos epidemiolóxicos descritivos e experimentais que sirvan para determinar hábitos dietéticos e a súa relación coa saúde das persoas
Analizar as variables psicolóxicas que definen os grupos de risco, identificando e explicando os condicionantes que hai que traballar no desenvolvemento de programas de promoción da saúde.
Explicar as teorías existentes sobre a comunicación e os elementos que a constitúen e describir os métodos de transmisión de información de uso común en actividades de información/formación sanitaria.
Explica-la relación existente entre o contido e o grao de utilización de técnicas de motivación como elemento de reforzo en programas educativos sanitarios.
Especifica-la aplicación de medios audiovisuais describindo os criterios de selección e súa aplicabilidade didáctica
Explica-los elementos que forman parte dunha reunión de traballo, identificando as técnicas que potencian ou regulan o seu desenvolvemento
Identifica-las técnicas de dinámica de grupo aplicables á educación para a saúde, relacionando cada unha delas coa súa indicación específica
Explica-los diferentes tipos de obxectivos para concretar programas que modifiquen hábitos non saudables nas persoas e/ou colectivos
Aplicar métodos e medidas específicas en educación para a saúde, elaborando, desenvolvendo e utilizando diferentes programas, tendo en conta as características e necesidades da poboación de Galicia
Elaborar acción educativas sobre diferentes situacións sanitarias, determinando o seu cronograma de aplicación en función do colectivo definido, estratexia e tempo de execución
Explica-los métodos de avaliación aplicables a estratexias de promoción da saúde, determinando os momentos idóneos para a súa realización
Aplicar diferentes técnicas de apoio psicolóxico para satisfacer as necesidades do paciente e potencia-lo seguimento da dieta

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
Describe as fases da historia natural da enfermidade.
Identifica os niveis de prevención e a súa relación co sistema de atención sanitaria.
Avalía a influencia sobre a saúde dos distintos factores que integran a tríada ecolóxica
Identifica e utiliza das fontes de datos demográficos.
Análiza e interpreta datos de demografía sanitaria.
Realiza cálculos de indicadores sanitarios.
Describe as características e diferenzas da epidemioloxía descritiva, analítica e experimental.
Explica a teoría da causalidade aplicada en epidemioloxía.
Selecciona mostras de poboación para estudos epidemiolóxicos.
Analiza as medidas de frecuencia de enfermidade: incidencia, prevalencia, taxa e risco.
Describe as etapas do método epidemiolóxico e a validez e fiabilidade dos estudos epidemiolóxicos.
Deduce a incidencia que sobre o estado de saúde dos individuos teñen as diferntes variables sociolóxicas.
Describe as variables sociolóxicas avaiables nos servicios socio-sanitarios.

Análiza as diferentes dinámicas grupais e selecciona as técnicas máis axeitadas que permitan modifica-los hábitos alimentarios nocivos.
Detecta os factores de risco que favorecen a formación ou enquistamento de grupos con conductas alimentarias anómalas.
Analiza e selecciona a técnica de comunicación máis axeitada en cada situación.
Selecciona e aplica técnicas de resolución de conflitos que faciliten a comunicación.
Selecciona a técnica de grupo máis axeitada para cada situación.
Manexa os diferentes medios audiovisuais en programas de educación para a saúde.
Planifica e avalía actividades de formación.

2.2.2. Capacidades terminais elementais que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Capacidades terminais elementais
Identifica-las características persoais, sociais, culturais e sanitarias que poidan influír no nivel de saúde dos grupos de risco, para poder establecer plans de actuación contextualizados como medidas de prevención destinadas a eles
Explicar as medidas de frecuencia de enfermidade que se utilizan para avaliar o nivel de saúde dunha poboación.
Explicar os métodos de elaboración de instrumentos de recolleita de información e precisar os criterios que marcan a súa especificidade.
Enumerar os criterios de selección dunha mostra de poboación para a realización de estudos epidemiolóxicos.
Aplica-la teoría da causalidade ás enfermidades para explica-lo modo en que inflúen sobre a saúde das persoas ou dos colectivos, os factores de risco xerais e/ou específicos
Planificar os estudos epidemiolóxicos descritivos e experimentais que sirvan para determinar hábitos dietéticos e a súa relación coa saúde das persoas
Analizar as variables psicolóxicas que definen os grupos de risco, identificando e explicando os condicionantes que hai que traballar no desenvolvemento de programas de promoción da saúde.
Explicar as teorías existentes sobre a comunicación e os elementos que a constitúen e describir os métodos de transmisión de información de uso común en actividades de información/formación sanitaria.
Explica-la relación existente entre o contido e o grao de utilización de técnicas de motivación como elemento de reforzo en programas educativos sanitarios.
Especifica-la aplicación de medios audiovisuais describindo os criterios de selección e súa aplicabilidade didáctica
Explica-los elementos que forman parte dunha reunión de traballo, identificando as técnicas que potencian ou regulan o seu desenvolvemento
Identifica-las técnicas de dinámica de grupo aplicables á educación para a saúde, relacionando cada unha delas coa súa indicación específica
Explica-los diferentes tipos de obxectivos para concretar programas que modifiquen hábitos non saudables nas persoas e/ou colectivos
Aplicar métodos e medidas específicas en educación para a saúde, elaborando, desenvolvendo e utilizando diferentes programas, tendo en conta as características e necesidades da poboación de Galicia
Elaborar acción educativas sobre diferentes situacións sanitarias, determinando o seu cronograma de aplicación en función do colectivo definido, estratexia e tempo de execución
Explica-los métodos de avaliación aplicables a estratexias de promoción da saúde, determinando os momentos idóneos para a súa realización
Aplicar diferentes técnicas de apoio psicolóxico para satisfacer as necesidades do paciente e potencia-lo seguimento da dieta

3. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.

Os criterios considerados como mínimos esixibles son todos os contidos tanto teóricos como prácticos relacionados coas capacidades terminais elementais e resultados de aprendizaxe recollidos na presente programación.

Tanto a primeira como a segunda parte da proba terán carácter eliminatorio e versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos mínimos esixibles recollidos na presente programación.

A primeira parte da proba corresponderase coa proba escrita teórica e, para superala, deberase acadar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

As persoas que superen a primeira parte da proba poderán realizar a segunda parte, que tamén terá carácter eliminatorio. Esta parte consistirá na resolución de preguntas e exercicios propostos teórico-prácticos, e, para superala, deberase acadar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Para acadar a cualificación positiva do módulo é necesario ter superadas cada unha das dúas partes das que consta a proba con mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha, e a cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes superadas.

Esta proba poderá realizarse en papel ou, preferentemente, a través da aula virtual. En caso de realizarse en papel unicamente serán corrixidas aquelas respostas que sexan perfectamente lexibles ou estén recollidas na plantilla de respostas.

Será preciso que a persoa aspirante se identifique mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado enriba da mesa.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Esta parte da proba consistirá en preguntas de desenvolvemento, e/ou preguntas curtas, e/ou tipo test, e/ou de verdadeiro e falso. No caso de preguntas tipo test, tres respostas incorrectas restarán unha pregunta correcta, ou, o que é o mesmo, cada resposta incorrecta restará un terzo dunha resposta acertada.

O tempo de realización para esta proba é de 120 minutos. Para levala a cabo é necesario un bolígrafo negro ou azul.

Quedarán excluídas desta parte da proba todas aquelas persoas aspirantes que leven a cabo calquera acción fraudulenta. Tampouco se permitirá a entrada con móbiles ou aparellos electrónicos.

4.b) Segunda parte da proba

Esta parte da proba consistirá en preguntas curtas, e/ou supostos prácticos, e/ou resolución de exercicios prácticos. Para resolver os exercicios prácticos será necesario levar unha calculadora.

O tempo de realización para esta proba é de 120 minutos. Para levala a cabo é necesario un bolígrafo negro ou azul e unha calculadora.

Quedarán excluídas desta parte da proba todas aquelas persoas aspirantes que leven a cabo calquera acción fraudulenta. Tampouco se permitirá a entrada con móbiles ou aparellos electrónicos.

Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019566	IES Chapela	Redondela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da FP	Familia Profesional	Código do CF	Ciclo Formativo	Grao	Réxime
19 (SAN)	Sanidade	S19003	Dietética	Superior	Proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
CS0478	Microbioloxía e hixiene			220	

Profesorado responsable

Elaboración	Sabela Ruzo Cedillo
Impartición	Sabela Ruzo Cedillo

2. Resultados de aprendizaxe e capacidades terminais elementais

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
Identificar os procesos de alteración microbiolóxica dos alimentos.
Describir o exame microbiolóxico de alimentos específicos : toma de mostras, sementeira, cultivo, reconto e identificación de microorganismos.
Identificar dos principais tóxicos en alimentos de distinta procedencia.
Clasificar as intoxicacións alimentarias máis frecuentes.
Comprobar o efecto causado nos alimentos por diferentes tratamentos: frío, calor, deshidratación,...
Seleccionar o material de embalaxe máis adecuado para diferentes tipos de alimentos
Clasificar as técnicas de preelaboración segundo o tipo de alimento.
Analizar as modificacións producidas nos alimentos polas técnicas de elaboración.
Seleccionar o proceso de elaboración máis adecuado para cada tipo de alimento.
Comparar os efectos de diferentes procesos culinarios segundo o tipo de alimento.
Adequar as técnicas de elaboración de alimentos segundo a dieta prescrita.
Deducir as normas de manipulación de distintos alimentos aplicando a regulamentación vixente.

Seleccionar os materiais e produtos necesarios para a limpeza de diferentes tipos de instalacións.
Seleccionar o método de tratamento e desinfección da auga segundo o uso ó que vai destinada.
Analizar os efectos que producen nos alimentos as distintas técnicas de hixienización.
Seleccionar a técnica de hixienización máis axeitada a cada tipo de alimento.
Clasificar os aditivos segundo a súa función.
Contrastar entre aditivos necesarios e opcionais

2.1.2. Capacidades terminais elementais que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Capacidades terminais elementais
Describir os requisitos de calidade organoléptica que deben cumprilos alimentos no momento da súa recepción.
Clasificar os sistemas de recepción de alimentos en función do seu estado, natureza e destino.
Relacionar as condicións de almacenamento e conservación co tipo e destino dos alimentos, aplicando medidas de prevención para que non sufran modificacións.
Indicar as principais familias de microorganismos que colonizan e parasitan os alimentos e relacionalas coas alteracións nutritivas que producen nelas.
Clasificar as sustancias tóxicas naturais ou non naturais que poida haber nos alimentos.
Analizar os procedementos de hixienización e seleccionalo máis adecuado a cada tipo de alimento.
Diferenciar os compoñentes dos equipos e sistemas de hixienización de alimentos relacionándoos coa súa función no proceso.
Describir as alteracións que poidan sufrilos alimentos durante o seu período de conservación e relacionalas coas posibles alteracións da súa calidade nutricional.
Clasificar os procedementos de conservación de alimentos en función do seu tipo, transformación e destino.

Clasificar os aditivos de uso alimentario e explica-lo efecto que teñen sobre cada tipo de alimento e sobre a saúde das persoas.
Clasificar os procedementos de manipulación de alimentos e establece-las condicións persoais, hábitos e normas hixiénicas que deben cumprir os manipuladores de alimentos en función do posto de traballo desempeñado.
Explicar as toxinfecións alimentarias máis frecuentes para aplicar medidas de prevención no proceso de recepción, almacenamento, conservación, transformación e manipulación de alimentos.
Identificar os puntos críticos para realiza-lo control de calidade microbiolóxica no proceso de tratamento industrial dos alimentos.
Aplicar técnicas analíticas «in situ» para determina-la calidade microbiolóxica dos alimentos.
Explicar os procedementos de transformación dos alimentos relacionando e enumerando os medios materiais necesarios e os seus parámetros de control.
Relacionar os procesos de transformación coas modificacións nutricionais que producen en cada tipo de alimento e analiza-las vantaxes e inconvenientes de cada proceso.
Determinar as modificacións, en relación á cantidade de produto, que hai que corrixir despois do procedemento de transformación elixido.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe
Realizar as técnicas de control de calidade, aplicando as técnicas básicas da análise microbiolóxica nos distintos alimentos, facendo os cálculos oportunos.
Establecer os puntos críticos de control durante o proceso de manipulación de diferentes tipos de alimentos.
Aplicar a técnica de inspección máis axeitada segundo o tipo de instalación.
Esquematizar os puntos para controlar en diferentes instalacións.
Realizar os protocolos de control de calidade dos métodos de hixienización dos alimentos.

2.2.2. Capacidades terminais elementais que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Capacidades terminais elementais
Relacionar as condicións de almacenamento e conservación co tipo e destino dos alimentos, aplicando medidas de prevención para que non sufran modificacións.
Analizar os procedementos de hixienización e selecciona-lo máis adecuado a cada tipo de alimento.
Identificar os puntos críticos para realiza-lo control de calidade microbiolóxica no proceso de tratamento industrial dos alimentos.
Aplicar técnicas analíticas «in situ» para determina-la calidade microbiolóxica dos alimentos.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>Considéranse mínimos esixibles todos os contidos teóricos e prácticos relacionados coas capacidades terminais descritas na presente programación e contempladas no Currículo do ciclo formativo.</p> <p>Os criterios de cualificación son os que seguen:</p> <p>Na primeira parte da proba, a puntuación obtida deberá ser como mínimo de cinco puntos sobre dez. No caso de non ser superada terá carácter eliminatorio. No caso de ser superada pasará á realización da segunda parte da proba.</p> <p>Na segunda parte da proba, a puntuación obtida deberá ser como mínimo de cinco puntos sobre dez para superala. As persoas que non superaran a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta parte.</p> <p>Para superar o módulo, deberá ser cualificado/a con máis dun 5 sobre 10 en ámbalas dúas partes.</p> <p>A expresión da cualificación final obtida será numérica, entre un e dez, sen decimais. A cualificación final será a media aritmética das</p>

calificacións obtidas en cada unha das partes superadas, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte consistirá nunha proba con preguntas tipo test de resposta única e/ou preguntas curtas. No cuestionario tipo test, por cada dúas preguntas falladas, restarase a puntuación equivalente a unha pregunta acertada.

4.b) Segunda parte da proba

Esta parte corresponde á proba práctica. Consistirá na resolución de supostos prácticos e/ou a realización dun procedemento práctico nas instalacións do laboratorio de dietética.

En Chapela, 16 de abril de 2024

Asinado:

Identificación da programación**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019566	IES Chapela	Redondela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da FP	Familia Profesional	Código do CF	Ciclo Formativo	Grao	Réxime
19 (SAN)	Sanidade	S19003	Dietética	Superior	Proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
	Alimentación equilibrada	1º	11	310	373

Profesorado responsable

Elaboración	María Martínez Rodríguez
Impartición	María Martínez Rodríguez

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
CT4: Describir as características bromatolóxicas dos alimentos, relacionándoas co grupo ao que corresponden, e identificar os principios inmediatos que compoñen os alimentos.
CT12: Manexar as táboas de composición de alimentos para confeccionar dietas que cubran as necesidades nutricionais recomendables.
CT3: Explicar as influencias das condicións socio-económicas, culturais e xeográficas nos hábitos alimentarios dun individuo e dun colectivo, especialmente na poboación galega, para telas en conta a hora de elaborar e supervisar dietas.
CT1: : Analizar as características anatómicas, fisiolóxicas e conductuais que inflúen no estado nutricional dos individuos e dos colectivos.
CT7: Describir as implicacións que se poden derivar para o estudio e valoración do estado nutricional dunha persoa, e dos resultados de uso frecuente en dietética
CT10: Establecer as necesidades bioenerxéticas, e calcular o gasto enerxético da persoa. Relacionalo co papel biolóxico dos alimentos e cos procesos bioquímicos fundamentais dos principais nutrientes
CT5: Establecer os parámetros e medidas antropométricas necesarias para avaliar o estado nutricional do paciente ou cliente.
CT6: Seleccionar e utilizar os equipos somatométricos e as técnicas necesarias para valorar o estado nutricional do paciente ou cliente.
CT8: Deseñar e realizar enquisas alimentarias para avaliar os hábitos alimentarios do paciente ou cliente.
CT9: Efectuar a historia dietética adaptada do paciente cliente, reflectindo tódolos datos e medidas obtidos
CT2: Analizar os requirimentos nutritivo-dietéticos dun individuo e/ou colectivo en función da súa idade, actividade e características fisiolóxicas
CT11: Elaborar dietas que cubran as necesidades nutricionais dunha persoa ou colectivo en función da súa idade, estado fisiolóxico e actividade física.

Resultados de aprendizaxe do currículo
CT13: Analizar e aplicar as estratexias que favorezan a comprensión, aceptación e seguimento da dieta por parte do paciente
CT14: Establecer a temporalización e método de control da evolución e eficacia dunha dieta establecida para unha persoa ou colectivo.
CT15: Utilizar programas informáticos para a valoración do estado nutricional e para a elaboración, seguimento e avaliación de dietas alimentarias

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
Definir os distintos conceptos básicos relacionados coa alimentación e a dietética
Coñecer as clasificacións e funcións dos nutrientes
Coñecer as táboas de composición de alimentos
Definir e clasificar os distintos tipos de glúcidos, lípidos e proteínas.
Valorar a importancia dos nutrientes na nutrición
Describir as funcións dos nutrientes
Identificar as fontes alimentarias.
Coñecer as necesidades e ingestas recomendadas.
Coñecer os aminoácidos esenciais e valor biolóxico das proteínas.
Definir o concepto e clasificación das vitaminas.
Describir as funcións das vitaminas.

Sinalar os problemas ocasionados polo déficit das vitaminas
Precisar as fontes e as inxestas recomendadas das vitaminas
Definir o concepto e clasificación dos minerais e as inxestas recomendadas.
Describir as funcións e sinalar os problemas ocasionados polo déficit de minerais.
Precisar as fontes alimentarias dos máis importantes.
Sinalar a importancia da auga na nutrición humana.
Describir as súas funcións no organismo.
Clasificar os alimentos polos distintos nutrientes e a frecuencia de consumo.
Identificar os grupos de alimentos e as súas funcións.
Coñecer as distintas rodas de alimentos e pirámides.
Coñecer as distintas variedades do leite e a súa composición en nutrientes.
Coñecer as distintas variedades de peixes e mariscos e as súas características bromatolóxicas.
Coñecer os distintos tipos de carnes e os seus nutrientes principais, e os distintos derivados cárnicos.
Coñecer a composición nutricional dos ovos, e as modificacións que ocorren tras o cociñado de carnes, pescado e ovos.
